

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 22/08/2023

PREZO PÚBLICO PARA AS ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE CURSO 2023/2024

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades da Terceira Idade nas seguintes modalidades:

- Actividades anuais (de outubro a xuño): comprende as actividades de ximnasia de maiores, obradoiro de traballo corporal, obradoiro de memoria e canto de coral.
- Actividades trimestrais: comprende as actividades de bailoterapia e hipopresivos.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos as persoas que se beneficien do servizo e actividades referidas no artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada actividade é:

Actividades anuais	20 € en concepto de matrícula
Actividades trimestrais	20 €/trimestre por cada actividade

Artigo 4. Normas de xestión.

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade e efectuarase mediante o seu ingreso na tesouraría municipal.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá no suposto de que por causas imputables ao concello, non se teña realizado a actividade.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria

Vedra, 23 de agosto de 2023

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)